A TRABE DE OURO
PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

Sr. D. Camilo J. Cela Trulock
O Padrón

Vigo, 24 Nadal 1995

Querido Cela:

Esta é para felicitarte polo premio Cervantes. Na realidade, habería que felicitar o xurado por cho dar a ti, que es o mellor na lingua do Imperio. O mellor.

A miña felicitación polo Nobel supoño que no che chegaría: mandeina a un punto indefinido da Submeseta Sul e era moita a algarabía e barafunda epistolar. Reitérocha, ao meirande arbondamento.

Gostaríame hoxe (noite de Nadal) decirche que eu che estou e che estarei agradecido ata a morte e que ilustruín os meus fillos para estarenche sempre obrigados.

En 1972, cando a policía es-

EDICIÓNS SOTELO BLANCO
San Marcos, s/n. 15000 Santiago
tel. (981) 58 25 71

taba sobre min coma unha xauría, ti fixeches me chegar ó clandestinidade unha carta de recomendación (con destinatario en branco) para eu usar miña hipotética busca de traballo en Universidades estranxeiras.

Non tiven (felizmente) que facer uso dela e destruína.

Sé feliz, con túa familia. Eu e a miña desexavos para vós o mellor.

Teu

Xosé L.

X. L. Méndez Ferrín
Av. das Camelias, 103-4º-C
Vigo

P.S.
Ofrézoche, de par en par, as páxinas de A Trabe de Ouro. Sería un orgullo contar con orixinal teu. Vale.